



PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 8

**Investimentos no desenvolvemento de zonas forestais e mellora
da viabilidade dos bosques**

Submedida 8.1

**Axuda para a reforestación/creación de
superficies forestais**



Índice

<u>1. Medida 8. Investimentos no desenvolvemento de zonas forestais e mellora da viabilidade dos bosques</u>	3
<u>1.1. Submedida 8.1 Axuda para a reforestación/creación de superficies forestais</u>	3
<u>1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?</u>	3
<u>1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?</u>	4
<u>1.1.3. Como se outorga a axuda?</u>	5
<u>1.1.4. Que tipo de gastos se financian?</u>	5
<u>1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?</u>	6
<u>1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?</u>	7
<u>1.1.7. A canto ascende esta axuda?</u>	8
<u>1.1.8. Quen xestiona esta axuda?</u>	8
<u>1.1.9. Marco normativo</u>	8
<u>1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados</u>	9

1. Medida 8. Investimentos no desenvolvemento de zonas forestais e mellora da viabilidade dos bosques

Aínda que os incendios son unha das maiores ameazas dos bosques galegos, para o que hai que traballar intensamente na súa prevención, existen outros factores que tamén afectan as masas forestais como son as pragas, enfermidades e o incremento de fenómenos meteorolóxicos danifinos. Incidir nestes factores, así como no fomento das empresas asociadas ao medio forestal, é o obxectivo desta medida do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020.

Destaca ademais, a contribución da conservación das masas forestais á mitigación e adaptación ao cambio climático, loita contra a desertización e a conservación da biodiversidade.

Para lograr estes obxectivos, artículanse seis submedidas:

- ✓ Submedida 8.1 Axuda para a reforestación/creación de superficies forestais
- ✓ Submedida 8.2 Axuda para o establecemento e mantemento de sistemas agroforestais
- ✓ Submedida 8.3 Axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes
- ✓ Submedida 8.4 Axuda para a reparación dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes
- ✓ Submedida 8.5 Axuda para investimentos para incrementar a capacidade de adaptación e o valor ambiental dos ecosistemas forestais
- ✓ Submedida 8.6 Axuda para os investimentos en tecnoloxías forestais e na transformación, mobilización e comercialización de produtos forestais

1.1. Submedida 8.1 Axuda para a reforestación/creación de superficies forestais

En virtude desta medida apoiarase o incremento da superficie arborizada en aproveitamento baixo instrumentos de ordenación ou xestión forestal, ou instrumentos de ordenación equivalentes.

1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

As actuacións para levar a cabo baixo esta submedida poden dividirse en dous tipos:

- ✓ Reforestación e creación de novas superficies arborizadas mediante a plantación de



especies forestais e o apoio á forestación en zonas de colonización natural, cando sexa necesaria unha plantación adicional. En ningún caso iniciaranse proxectos sobre superficie recoñecida como agrícola, salvo na excepción recollida no artigo 61 da Lei 7/2012 de Montes de Galicia.

A elección de especies arbóreas realizarase tendo en conta as condicións ambientais e climáticas da zona e en todo caso cumprindo os requisitos ambientais mínimos establecidos no artigo 6 do Regulamento delegado (UE) Nº 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014.

Ademais, empregaranse na forestación especies adaptadas á contorna local entendendo por tales as que conseguisen ou poidan alcanzar un estado vexetativo adecuado, logrando os obxectivos para os que foron elixidas. Pola contra, non se empregarán especies ou procedencias alóctonas susceptibles de hibridarse coas variedades locais de especies frondosas caducifolias (fóra dos clons autorizados de castiñeiro), nin especies que fosen declaradas invasoras ou cuxo emprego en sementes e plantacións fose prohibido por lei, como as do xénero *Acacia*.

A forestación ou reforestación realizada terá en conta os criterios orientadores do protocolo técnico establecido polo Comité Nacional de Mellora e Conservación de Recursos Xenéticos Forestais.

- ✓ Mantemento e limpeza nos primeiros anos de implantación. Esta submedida cobre os custos de mantemento das forestacións ou plantacións con especies de crecemento lento (aquelas especies forestais cuxo período de produción medio en Galicia é superior a 12 anos), durante un período máximo de 7 anos, así como o das plantacións da primeira forestación de terras non agrícolas procedentes do programa operativo 2007–2013.

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

Poderán ser beneficiarios desta axuda:

- ✓ Os titulares de terreos forestais privados, entendendo por titular tanto a propietarios como a arrendatarios ou xestores.
- ✓ A Administración autonómica.
- ✓ Agrupacións de propietarios formalmente constituídas ao amparo do establecido na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e inscritas no Rexistro de Asociacións da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de Galicia.
- ✓ Os constituíntes de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo (tamén chamadas montes de socios).





- ✓ As sociedades de fomento forestal (SOFOR) definidas no Decreto 45/2011, do 10 de marzo, polo que se regula o fomento das agrupacións de propietarios forestais, os requisitos e cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro.
- ✓ As mancomunidades e comunidades de montes veciñais en man común.
- ✓ Os concellos e as entidades locais menores titulares de montes

No caso de montes de propiedade do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia a axuda só poderá ser concedida se o órgano que xestiona esas terras é un organismo privado ou un municipio. Nese caso só se ofrecerá a axuda para os custos de establecemento, sen prima anual de mantemento.

1.1.3. Como se outorga a axuda?

- ✓ Subvención anual, convocada en réxime de concorrencia competitiva
- ✓ Investimento directo para aquelas operacións realizadas polas Administracións públicas competentes, ben por elas mesmas o por medio dos seus entes instrumentais, no caso de montes xestionados en colaboración coa administración forestal mediante algún tipo de contrato de xestión pública en virtude da Lei 7/2012 de Montes de Galicia
- ✓ Axudas de mantemento que se outorgarán en forma de prima anual por hectárea, previa convocatoria pública

O investimento máximo por hectárea será de 1900 e 2400 €/ha para a axuda á forestación, segundo sexan coníferas ou frondosas e de 320 e 400 €/ha-ano para a prima de mantemento, respectivamente. Estas cantidades máximas non incluírán infraestruturas necesarias como peches ou camiños de acceso para levar a cabo os traballos (máximo de 720 €/ha), pero si infraestrutura de defensa contra incendios forestais.

1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

Os custos subvencionables son os relativos a:

- ✓ Gastos de implantación
 - Custos do material de plantación e repoboación
 - Plantación e outros custos vinculados directamente á mesma como a preparación do proxecto de forestación, o análise do solo, o tratamento de vexetación existente, a preparación do terreo, a protección da planta, fertilización,...
- ✓ Operacións relacionadas
 - Almacenamento e tratamento de propágulos, incluíndo a micorrización





Gastos inherentes ao seguimento do protocolo técnico establecido polo Comité Nacional de Mellora e Conservación de Recursos Xenéticos Forestais

Operacións de prevención contra danos bióticos ou abióticos (áreas de defensa contra incendios forestais, peches protectores fronte á fauna, repelentes, titores,...)

Infraestruturas forestais de acompañamento necesarias para a execución e defensa da plantación e a súa posterior xestión, como creación e mellora de pistas forestais. Só as vías técnicas que son necesarias para o traballo consideraranse elixibles de acordo con esta submedida. As pistas xerais, as rutas e as estradas subvencionaranse no marco da submedida 4.3.

Replantación de superficies afectadas por danos bióticos ou abióticos durante o primeiro ano da forestación que supoñan un fracaso a gran escala da forestación realizada, previo recoñecemento oficial polas autoridades públicas do dano causado e autorización expresa ao beneficiario

Toda operación e tratamento que sexa necesario para asegurar a viabilidade da plantación, incluíndo regas

Prima por hectárea para custos de mantemento durante un máximo de 7 anos (3 primas)

Accións necesarias para garantir a cantidade e calidade das árbores rexeneradas de menos de 5 anos e/ou plantados: rozas, clareos, podas, abonados

1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

Hase de ter en conta que non serán elixibles as plantacións de árbores forestais de ciclo curto definidas segundo o Marco Nacional (aproveitados a monte baixo por recepado e que se axustan ao establecido no Regulamento (UE) nº1307/2013), as de árbores de Nadal e as de árbores de crecemento rápido para produción de enerxía. Tampouco serán elixibles as plantacións do xénero Eucalyptus.

En canto ás forestacións e reforestacións:

- ✓ Os terreos a forestar deberán ser superficies desarboradas ou con arborado ralo
- ✓ A partir da data establecida na disposición transitoria sexta da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, serán elixibles exclusivamente as repoboacións realizadas en terras non agrícolas que dispoñan de instrumentos de ordenación ou xestión forestal, ou de instrumentos equivalentes
- ✓ Esta axuda está condicionada ao compromiso de manter e conservar a masa creada durante a quenda da especie
- ✓ A selección de especies deberá adaptarse ás condicións ambientais e climáticas da



zona

- ✓ No caso de creación e mellora de pistas forestais, non se poderá superar unha densidade de 40 ml/ha (20 ml/ha nas áreas de montaña e outras que puidesen afectar a espazos protexidos)
- ✓ Non se actuará en hábitats definidos como prioritarios pola Directiva 92/43/CEE nos espazos protexidos
- ✓ Para garantir que as repoboacións en terreos incluídos en Rede Natura 2000 toman adecuadamente en consideración os obxectivos de conservación destes lugares, e de conformidade coas Directivas 92/43/CEE e 2009/147/CE, deberán ser informadas previamente o organismo competente en materia de conservación da natureza

En canto ao mantemento:

- ✓ Poderán ser atendidos os compromisos financeiros adquiridos no programa anterior.
- ✓ Mantemento das implantacións executadas ao amparo do artigo 22 do Regulamento (UE) N° 1305/2013
- ✓ Mantemento da vexetación arbórea aparecida de maneira espontánea en terreos non forestais (rexeneración natural)
- ✓ Esta axuda é incompatible coas axudas para o cesamento anticipado da actividade agraria e con calquera outro réxime de axuda comunitaria, excepto as submedidas 8.3, 8.4 e 8.5.

Doutra banda, de acordo o artigo 77 da Lei 7/2012, calquera terreo forestal, con independencia da súa superficie, debe dotarse dun instrumento de ordenación ou xestión forestal ou planificar a xestión a través da súa adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas orientativos. En xeral, os montes de maior tamaño deben dotarse dun proxecto de ordenación e as superficies de menor tamaño deben dotarse de documentos simples ou compartidos de xestión ou comunicar a súa adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas orientativos. Esta obriga será esixible a partir da data establecida na disposición transitoria sexta da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

A partir dese momento, os plans de xestión forestal ou instrumentos equivalentes deben de estar aprobados pola autoridade competente antes de poder comezar os investimentos forestais respectivos.

1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

Aplicaranse criterios de selección de maneira obrigatoria, mesmo nos casos en que o orzamento da convocatoria sexa superior á demanda de financiamento. Os criterios de selección deberán estar claramente definidos antes do inicio do proceso de solicitude para garantir a igualdade de trato de todos os posibles solicitantes.

1.1.7. A canto ascende esta axuda?

A intensidade máxima da axuda será do 100%, tanto en actuacións privadas como nas promovidas pola Administración pública. No caso do mantemento a intensidade máxima da axuda poderá ser do 100% dos gastos, segundo o baremo establecido para cada tipo de forestación.

1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Subdirección Xeral de Recursos Forestais da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural

1.1.9. Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) N° 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns ao FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, Feader e FEMP
- ✓ Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento Delegado (UE) N° 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias.
- ✓ Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal
- ✓ Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia e lexislación de desenvolvemento
- ✓ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 45/2011, do 10 de marzo, polo que se regula o fomento das agrupacións de propietarios forestais, os requisitos e cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro
- ✓ Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- ✓ Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que trasponse ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014



- ✓ Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e lexislación de desenvolvemento

1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Información sobre o sector forestal (Consellería do Medio Rural)
<http://mediorural.xunta.gal/areas/forestal/presentacion/>
- ✓ Estratexia Española de Conservación e Uso Sostible dos Recursos Xenéticos Forestais (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)
http://www.mapama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/recursos-geneticos-forestales/rgf_estrategias_conservacion.aspx
- ✓ Plan Forestal Español 2002-2032 (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)
http://www.mapama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/planificacion-forestal/politica-forestal-en-espana/pfe_plan_forestal_esp.aspx
- ✓ Estratexia da UE en favor dos bosques e o sector forestal
<http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52013DC0659&from=ES>
- ✓ Plan de Activación Socioeconómica do sector forestal (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)
<http://www.mapama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/plan-pasfor/>
- ✓ Marco de Acción Prioritaria para o financiamento da Rede Natura 2000 en España (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)
http://www.mapama.gob.es/es/biodiversidad/temas/espacios-protegidos/red-natura-2000/rn_cons_marco_accion_prioritaria.aspx
- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.7.3.1 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020

